



Requirimento de documentación

CONVOCATORIA 2023 DAS AXUDAS Á IMPLANTACIÓN DE SOLUCIÓNS AVANZADAS PARA O DESENVOLVEMENTO DA ECONOMÍA CIRCULAR, SUSCEPTIBLES DE SEREN COFINANCIADAS NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2021-2027

Mediante Resolución do 29 de decembro de 2022 (DOG nº 21, do 31 de xaneiro de 2023), publicáronse as bases reguladoras das axudas á implantación de solucións avanzadas para o desenvolvemento da economía circular, susceptibles de seren cofinanciadas no marco do programa operativo Feder Galicia 2021-2027 para o ano 2023, e procedeuse á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva.

Por parte do órgano instrutor do procedemento administrativo previsto no art. 11 das ditas bases reguladoras, están analizándose as solicitudes presentadas polos solicitantes que se acolleron a esta convocatoria de axudas. Nunha primeira fase de revisión identificáronse varios expedientes que carecen dalgún dos requisitos esixidos nas bases reguladoras, polo que resulta procedente efectuar os oportunos requirimentos de emenda.

O artigo 12.2 das bases reguladoras dispón que de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, este requirimento de emenda realizarase mediante publicación na páxina web do Igape no enderezo <https://www.igape.gal/gl/oficinavirtual> e producirá os mesmos efectos que a notificación individualizada. Ás persoas solicitantes que acheguen unha memoria técnica incompleta ou insuficiente para ser avaliada, non lles será requirida emenda documental.

En virtude do anterior, dáselle publicidade á relación de solicitantes cuxos expedientes deben ser obxecto de emenda segundo se recolle no anexo I.

Teñen un prazo de **10 días naturais** para acceder á Oficina Virtual do Igape (<https://www.igape.gal/gl/oficinavirtual>), utilizando o seu NIF e o código IDE do expediente, e acceder ao requirimento individualizado de emenda. Entenderase rexeitado cando transcorresen dez días naturais dende a posta a disposición do requirimento sen que acceda ao seu contido.

Establécese un prazo de **10 días hábiles** para achegar, por medios electrónicos, a documentación sinalada, contados a partir do día seguinte ao acceso ao requirimento individualizado, ou desde que se entenda rexeitado polo transcurso de 10 días naturais desde a súa posta a disposición sen que accedera ao seu contido.

No suposto de que non atendan o requirimento no prazo indicado, ou se a emenda resulta incompleta ou defectuosa, teráselles por desistidos na súa petición aos solicitantes e arquivaranse os expedientes, trala correspondente resolución que se ditará nos termos previstos no artigo 21 da devandita Lei 39/2015.

Sinatura:

ÓRGANO EMISOR	TITULAR	LUGAR DE EMISIÓN	DATA
O director da Área de Competitividade do Igape	Norberto Penedo Rey	Santiago de Compostela	A indicada na sinatura



ANEXO I
Solicitudes de axuda suxeitas a emenda de documentación

Núm. expediente	Titular do expediente	NIF
IG288.2023.1.1	Formato Verde, S.L.	B32280760
IG288.2023.1.2	Agro Bazan, S.A.	A36034668
IG288.2023.1.3	Montajes Lourido, S.L	B70465323
IG288.2023.1.4	Evolventia, S.L.	B70243647
IG288.2023.1.7	Precisgal Componentes Automocion, S.L	B27719814
IG288.2023.1.8	Aglomerados Y Construcciones Valdeorras, S.A. (Acoval)	A32008039
IG288.2023.1.10	Carpinteria De Madera Cardifer, SI	B70284229
IG288.2023.1.11	Cooperativa Agraria Provincial De La Coruña, S.C.L	F15000177
IG288.2023.1.12	Kauman, S.A.	A36625093
IG288.2023.1.13	Strategic Minerals Spain, S.L.	B37512753
IG288.2023.1.14	Talleres Trébore Jardinería S.L.	B15890270
IG288.2023.1.15	Nolander Project, S.L.	B67685966
IG288.2023.1.16	Reciclaje De Inertes Del Noroeste, S.L.	B15625734
IG288.2023.1.17	Rotogal, S.L.	B15926801
IG288.2023.1.19	Excavaciones Y Obras Cerceda, S.L.	B15118458
IG288.2023.1.20	Ainé Producións, S.L.	B70433032
IG288.2023.1.21	Porexgal, S.L.	B70345616
IG288.2023.1.22	Bricemar Food, S.L.	B09857434